
Castroverde, 19 de xullo de 2024.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2196

A FONSAGRADA

Anuncio

CONVOCATORIA PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024: UN PALISTA, UN SOLDADOR, TRES ALBANEIS, DOUS TRACTORISTAS, DOUS PEÓNS DE OBRAS E SERVIZOS E DOUS PEÓNS DE LIMPEZA VIARIA (XORNADA 50%)

De conformidade co disposto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/07/2024, fanse públicas as bases de selección para a contratación con carácter temporal dun palista, un soldador, tres albaneis, dous tractoristas, dous peóns de obras e servizos e dous peóns de limpeza viaria (xornada 50%) ao abeiro do Programa de reforzo do emprego 2024 financiado pola Deputación Provincial de Lugo.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de 7 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: Os establecidos nas bases da convocatoria.

As bases completas da convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org)

A Fonsagrada, 18 de xullo de 2024.- O alcalde, Carlos López López.

R. 2186

Anuncio

CONVOCATORIA PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024. AUXILIAR ADMINISTRATIVO

De conformidade co disposto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/07/2024, fanse públicas as bases de selección para a contratación con carácter temporal dun/dunha auxiliar administrativo/a ao abeiro do Programa de reforzo do emprego 2024 financiado pola Deputación Provincial de Lugo.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de 7 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: Os establecidos nas bases da convocatoria.

As bases completas da convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org)

A Fonsagrada, 18 de xullo de 2024.- O alcalde, Carlos López López.

R. 2187

GUNTÍN

Anuncio

Conta xeral correspondente ao exercicio de 2.023.

Ditaminada a Conta Xeral para o exercicio de 2.023 pola Comisión Especial de Contas en sesión de 11 de xullo de 2024, a mesma, xunto co ditame e documentos que a xustifican exponse ao público na Secretaría-Intervención municipal, por un prazo de 15 días hábiles que se computarán a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales e oito días máis os interesados poderán formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas, tal e como se sinala no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Guntín, 18 de xullo de 2024.- O Alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 2188
